



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL CON DATA 31 de AGOSTO DE 2016**

No Salón de sesión da Casa Consistorial de Ribadumia, sendo as vinte unha horas do día treinte e un de agosto de dous mil dezaseis, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria, previamente convocada na forma regulamentaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. David J. Castro Mougán, reúnen os sres. concelleiros: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Mar Rey Pérez; D. Enrique J. Oubiña Lago; D. José Ramón González Ledo; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> do Pilar Martínez Troncoso; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Mar Moimenta Otero; D. Juan Carlos Esperón Prado; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Salomé Peña Muñiz; D. Luis Serantes Alvarez; D<sup>a</sup> Susana Fandiño Vázquez; D. Antonio Roma Arcos; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Esperón Feijoo e D. Antonio Bermúdez Varela.

Actúa como Secretaria da Corporación D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Franco Mateo.

### **1º.- ACTA ANTERIOR.-**

Dase conta á Corporación da acta de sesión anterior, correspondente á ordinaria celebrada con data 30 de maio de 2016.

Pola Alcaldía-Presidencia se pregunta ós Sres. Concelleiros se teñen algunha obxección que facer ás mesmas e non realizándose observación algunha a mesma é aprobadas por unanimidade na forma en que está redactada.

### **2.- SORTEO PARA DESIGNACIÓN DE MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS A CONSTITUIR PARA AS ELECCIÓNS Ó PARLAMENTO DE GALICIA A CELEBRAR O DÍA 25 DE SETEMBRO 2016.-**

Dase conta á Corporación que de conformidade co disposto nos artigos 27.5 e 101.2 de Lei Orgánica 5/85 de 19 de xuño do Réxime Electoral Xeral, procede realizalo sorteo para a formación das mesas electorais que se constituirán para a celebración das Eleccións ao Parlamento de Galicia Xerais do 25 de setembro.-

Iníciase a realización do sorteo mediante un programa informático, có resultado do que queda constancia no expediente correspondente.

### **3.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A C<sup>a</sup> DE FACENDA, A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E A FEGAMP AO ABEIRO DA REGULARIZACIÓN CATASTRAL.-**

Dase conta á Corporación do Convenio de Colaboración asinado entre a Consellería de Facenda, a Axencia Tributaria de Galicia e a FEGAMP, ao abeiro do procedemento de Regularización Catastral.



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

A Sra. Martínez Troncoso toma a palabra para explicar brevemente o contido do Convenio e considera que é procedente a súa adhesión para poder contar coa información necesaria para facilitar ós veciños.

A Sra. Peña Muñiz dí que é beneficioso todo o que sexa información e asesoramento e é ben para todos porque poderáse asesorar mellor ós veciños.

Rematadas as intervencións, o Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda: 1º.- A adhesión do Concello de Ribadumia ó Convenio de colaboración entre a Consellería de Facenda, a Axencia Tributaria de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias ao abeiro do Procedemento de Regularización Catastral, asinado con data 23 de maio de 2016, aceptando todas as súas cláusulas e o contido do mesmo; e 2º.- Facultar ó Sr. Alcalde tan amplamente como sexa necesario para a execución do presente acordó e a sinatura do documento de adhesión.

#### **4.- TOMAR ACORDO PARA AS POSIBLES NEGOCIACIÓNS CO ORAL PARA RECUPERACIÓN DA RECADACIÓN EN VOLUNTARIA.**

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso para dar conta que este Concello ten delegada a xestión e cobro de taxas e impostos, tanto en vía voluntaria coma en executiva, no ORAL.-

Da conta das taxas pagadas a dito organismo pola xestión e recadación de ditas taxas e impostos nos anos 2012 a 2015, que ascenden a un importe duns 428.000 euros, dos que uns 340.000 euros corresponden á xestión e cobro en voluntaria.

Propónse estudar e iniciar negociación para a recadación en vía voluntaria de ditas taxas e impostos.-

Engade que hai concellos que levan directamente dita recadación e, por exemplo, no Concello da A Illa o servizo é atendido por un administrativo que é quen emite os recibos, atende ós veciños e xestiona a recadación voluntaria; dí que os custes serían aproximados a dito Concello; que habería que facer un investimento inicial de adquisición de programa e se se conta con persoal no Concello se formaría para tal finalidade e que aínda que houbera que contratar a unha persoa representaría sobre 22.000 euros/ano e no ano 2015 os custes de recadación e xestión do ORAL foron sobre 90.000 euros, con que se aforrará case 60.000 euros/ano.-

Lembra que dos convenio asinados para a delegación de cobro e xestión por parte do ORAL o primeiro vencería no ano 2018 (co que habería que comunicar a decisión no ano 2017) e os demais do ano 2018 a 2024; que propónse intentar recuperar a recadación e se non é posible que xa non se vaian prorrogando segundo van vencendo.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz para indicar que se vota en falta neste punto un informe técnico cos custos económicos do que lle costaría ó concello dita



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

recadación, no que se diga cales son as vantaxes e os inconvenientes que supón pasar esta xestión ó concello.

Que ademáis o concello agora mesmo non ten capacidade nin infraestructuras para recuperar este servizo, e levar a cabo este procedemento.

Se trae aquí este punto sen falar antes co ORAL, que sería o primeiro paso que se debería dar e informarse qué servizos nos veñen prestando, que non é solo emitir recibos, senon todo o traballo que elo conleva: elaborar padróns, recepcionar datos de outras administración (comoa DGT, Catastro, Facenda); resolver e comunicar a variación de datos; resolver os recursos; cambios de bens; todo o procedemento inspector, e o máis importante, a xestión catastral.

Que hai que destacar que o RORAL ten adheridos o 85% de todos os concellos da provincia, delegando así o cobro dos seus importes e taxas, e por algo será.

Que ademáis o concello perdería liquidez polo sistema de anticipos, don do ORAL dende o mes de xaneiro a outubro adiantalle o concello unhs 75.000 euros mensuais.

Que o ORAL fae inspeccións de xeito gratuito como son as revisións de lixo, IAE, revisión catastral e que benefician ó concello, e se este servizo o levase o concello, o custo correría a cargo noso.-

Que no ano 2015 o concello recadou 1.700.000 en impostos e a cantidade hai que reflexala no presuposto para pagar ó ORAL por esta xestión son 80.000 euros.

Quere dicir que os datos que se facilitaron aquí non son reais porque tamén se inclúen gastos de xestión en vía executiva.

Que outra ventaxe do ORAL é o sistema de fraccionamento ós veciños, que lle permite fraccionar o pago dos seus impostos ademáis de contar cunha oficina virtual tributaria.

Que o P.P. apoiará esta iniciativa cando o concello se sente co ORAL e teñamos un estudio cos custos donde efectivamente se diga que o concello aforra diñeiro facendo directamente esta xestión.- Pero hoxe non poden adoptar este acordo sen ter datos e descoñecendo por completo en qué nos vai a beneficiar e en que nos vai a perxudicar este cambio.

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso para manifestar que parece que non escoita; que os datos aportados son os facilitados polo ORAL e ela xa dixo que estaba incluído os gastos de executiva (e deuse conta tamén de canto era descontando a executiva); dí que as adhesións veñen dende o ano 1992 que os concellos non tiñan infraestructura telemática e informática, pero esta infraestructura mellorou; que esto é a medio prazo; que o que se dixo foi o primeiro falar co ORAL, que algúns convenios vencen no ano 2018, co que habería que comunicar a non prórroga no ano 2017.-

Que co proceso de regularización catastral que se está levando a cabo vaise poñer todo o día; que moitos concellos pode ser que o teñan delegado por comodidade



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

e porque é máis fácil que adelanten os anticipos e olvidarse, pero entenden que se se pode aforrar pois mellor.

Por último dí que o primeiro é falar co ORAL e isto é a medio prazo, e que están no seu dereito de opoñerse.

Fae uso da palabra o Sr. Alcalde dí que hai un cadro no que se reflicte os acordos de delegacións realizadas e algúñas van ata o ano 2024 e pregunta qué estudio fixo ela para contratalo, no seu momento, durante 10 anos e que se extenderá a delegación ata ese ano (e se pregunta se é que pensaba gobernar ata entón).- Recalca que ela non fixo ningún estudio técnico para facer a delegación.- Que se fixeron contratos a longo prazo e deixou ás futuras corporacións sen posibilidade de negociación.- Volve a leer os datos e insiste en que os gastos dos últimos anos suman, aproximadamente, 340.000 euros e os gastos dun concello similar poden alcanzar uns 30.000 euros, co que se aforraría uns 220.000 euros en catro anos.-

Que entende que vale a pena facer un esforzó para aforrar e poder destinar ese importe ó beneficio dos veciños; que parece que o que lles molesta é que fagan unha xestión de recursos distinta.

Remata dicindo que o que aquí se transmite é iniciar as xestións para poder recuperar a recadación voluntaria, co que podería aforrarse 220.000 euros en catro anos; e que aínda que non fora posible a iniciativa a estudialo xa é válida.

A Sra. Peña Muñiz dí que mantén a postura, que hai que ser sensatos e serios cando se fala de aforrar e calquera postura que beneficie ós veciños a van a aprobar, pero cando teñan un estudio de que cos mesmos servizos se va a aforrar e eles así o apoiarían, pero a día de hoxe non porque non hai un estudio serio enriba da mesa; que nin faloron co ORAL para saber que vai a beneficiar ou perxudicar.

Toma a palabra a SRA. Martínez Troncoso para dicir que os veciños teñen que saber que eles son os que están a pagar ó ORAL cos seus recibos.

Rematadas as intervencións, por maioría de sete votos a favor ( I.R. e Grupo Mixto) e seis votos en contra (P.P.) acorda: Iniciar as xestións co ORAL para a recuperación da recadación voluntaria das Taxas e Impostos que actualmente o Concello de Ribadumia ten delegada no devandito Organismo.

## **5.- REGULAMENTO E ORDENANZA SERVICIO FOGAR DOS MAIORES E ACTIVIDADES PARA AS PERSOAS MAIORES.-**

Toma a palabra o SR. Oubiña Lago para expoñer que o actual Fogar dos Maiores inaugurouse no ano 2011 e foi presentado e vendido ós veciños case coma un centro de día, cando non pode selo (xa que, entre outros aspectos, non ten persoal



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

cualificado para tal) e se o fora tería un custe moi elevado e as taxas terían que ser moi superiores ás actuáis.

Explica que actualmente hai oito usuarios (e cando máis houbo foi no ano 2013 que chegou a ter 13 usuarios)

Dí que os gastos só de persoal ascenden a uns 17.000 ou 18.000 euros/ano; que os usuarios actuáis todos están a media xornada, pero que tal e coma está o regulamento do centro se algún pedise asistir a xornada completa habería que facilitarlle dito servizo.- Manifesta que estase a recadar uns 5.000 euros; que hai posibilidade dunha exención nalgúns casos.

Engade que ata de agora entende que non se fixo ningún esforzó por dinamizar o servizo; que no Concello hai unhas 1.500 persoas de 55 anos ou máis e que hai que acometer servizos á terceira idade e impulsar iniciativas.

O primeiro paso que hai que facer é a de eliminar a imaxe de centro de día que ten o Fogar dos Maiores, polo que propónse modificar o regulamento e a taxa; que se pretende que funcione como centro social ou clube para a terceira idade.-

A proposta é cambiar a taxa (a 10 euros/ano) e darásese acceso á instalación (prensa, xogar con outros veciños, televisión, etc) e logo vansen a facer diversas actividades polo Concello e unha como mínimo será gratuita e o resto para os que sexan socios tentarásese que sexan máis baratas ou gratis se poudera ser.- Aclara que as persoas non socias ou persoas doutros concello tamén poderán participar das actividades se hai prazas, pero deberán pagar o custe total que se determine.

Outras das modificacións é que se amplía o abano de idade, fixéndose para persoas de 55 anos ou máis e pensionistas.

Outra reforma importante é que, no actual regulamento está recollido que só poderán asistir persoas válidas e agora se recolle que poderán acudir persoas non válidas se van acompañadas por unha persoa válida.-

Dí que as actividades que se viñan organizando polo Concello e que son gratuítas (taller de memoria e ximnasia) seguirán impartíndose nas mesmas condicións e as persoas que están asistindo poderán seguir asistindo, pero adaptándose á nova norma e taxa.

Toma a palabra a Sra. Peña para manifestar que este centro non é cun Centro de Día e nunca pretendeuse iso; que se puxo en funcionamento no ano 2011 cunha filosofía de prestar servizo da terceira idade e sempre se fixeron actividades que agora se dí que se van a facer.- Que sempre se falou de centro de ocio e recreo; que xa aparecía así no regulamento; que xa se sabía que non ía a ser rentable, pero era para prestar un servizo a un colectivo que se consideraba que é moi importante.- Lembra que hai usuarios que están dende o ano 2011 e outros se foron integrando despois; que eses usuarios tiñan un servizo de transporte e agora se quere quitar e con elo desmantelar o fogar de maiores.-



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

Está de acordo en que habería que dinamizalo; que ten moitas dúbidas sobre a proposta que se trae a pleno; que non se di que actividades se van a prestar nin cales Terán que pagar os usuarios; que ninguén lle explicou nada ós usuarios actuáis; que se pretende eliminar o transporte e se as persoas que viven cos usuarios traballan ou non poden levalas ou traelas terían que deixar de asistir.-

Que é certo que hai que dinamizalo, pero está claro que o goberno non ten as ideas claras; que non van a ter transporte; que non se sabe qué horarios van a ter nin qué persoal vai a haber.

O Sr. Oubiña Lago indica que no Regulamento xa se podería fixar taxativamente as actividades, pero pode resultar que despois non hai demanda; que se farán un listado e levaráanse a cabo as que teñan demanda: se organizarán cursos, excursións, obradoiros...

Insiste en que as oito persoas que veñen asistindo van a seguir nas mesmas condicións e so se cambiará a taxa.

A Sra. Peña Muñiz dí que él mesmo na Comisión Informativa dixo que iba a eliminar o transporte porque non lle ofrecía seguridade e agora dí que van a seguir igual; para poder dinamizalo o que hai que facer é ofertar as actividades que van a facer, e que é certo que non todas as actividades se poderán facer, pero tampouco se sabe o custe de cada actividade; que se ve que non teñen as ideas claras; que se estudie con máis profundidade.

O SR. Oubiña Lago insiste que no Regulamento non se pode recoller as actividades concretas e detalladas; que él na Comisión dixo que tiña dúbidas de que o transporte se puidera seguir prestando nesas condicións, pero seguiráse ofertando como sexa necesario.- Que se farán actividades dentro dun amplo espectro.

A Sra. Peña reitera que non dí que se detallen no regulamento as actividades, pero que non se sabe o custe que vai a representar ós usuarios; que na ordenanza só se fixa unha taxa de acceso ó local, pero non canto lle vai a costar as actividades ós veciños.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e dí que o que se pretende é potenciar o Fogar dos Miores e o servizo á Terceira Idade.- Que comenzo no ano 2011 e agora hai 8 persoas e iso supón un fracaso total; que ou non está motivada a xente outro hai outro motivo, pero está claro que hai que potencialo.-

Que se trata de ter iniciativas para que siga crescendo; nonse quere desmantelar senon potencialo; que se van a ter as mesmas actividades que se tiñan e outras a maiores e se va a cobrar ós mesmo usuarios a nova taxa.

Que no que respecta ó transporte buscaráanse as alternativas que sexan necesarias para que eses usuarios o sigan tendo, pero coas debidas garantías, e para quen o necesite xa que tampouco é lóxico que haxa persoas que conducen o coche e logo para vir ó Fogar haxa que ir a buscalos.



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

Informa que este servizo lle está costando ó Concello actualmente 1.700 euros por persoa que pagan todos os veciños de Ribadumia.- En resumo dí que é necesario mellorar o servizo porque tal e como estaba plantexado é un fracaso.

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por maioría de sete votos a favor e seis abstencións (P.P) acorda:

1º.- Prestar aprobación ó Regulamento de Réxime Interior do Fogar dos Maiores e outros servizos para as Persoas Maiores (ou da Terceira Idade) de Ribadumia.

2º.- Prestar aprobación á Ordenaza Fiscal reguladora da Taxa por prestación de servizos no Fogar dos Maiores e outros servizos para as Persoas Maiores (ou da Terceira Idade) de Ribadumia.

3º.- Que se expoñan ó público o Regulamento e Ordenanza aprobados, polo prazo dun mes ós efectos de presentación de reclamacións; e

4º.- Que no caso de non presentarse reclamación algunha contra os mesmos consideraranse definitivamente aprobados, debendo procederse á publicación íntegra do seu contido no B.O.P.

**REGULAMENTO DE RÉXIMEN INTERIOR DO FOGAR DOS MAIORES E OUTROS SERVICIOS PARA AS PERSOAS MAIORES (OU DA TERCEIRA IDADE) DE RIBADUMIA**

**CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS**

**Artigo 1.- Obxecto**

*O presente Regulamento ten por obxecto establecer as normas de funcionamento do Fogar dos Maiores no Concello de Ribadumia, así como para outros servizos a prestar ás persoas maiores de Ribadumia.*

**Artigo 2.- Natureza e finalidade**

*O Fogar dos Maiores de Ribadumia, de titularidade municipal, é un servizo público aberto e integrado na rede dos Servizos Sociais, creado para servir como lugar de encontro no que se promova fundamentalmente a convivencia dos maiores, co obxectivo de desenvolver a solidariedade e potenciar a integración persoal e comunitaria.*

*O Fogar dos Maiores de Ribadumia está situado na Rúa Párroco Valiñas s/n , no termo municipal de Ribadumia, sito na Avda de Ribadumia nº 3, con CIF P3604600A.*

*O número de rexistro como entidade prestadora de servizos sociais do Concello de Ribadumia é F00383.*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

## **CAPÍTULO II: DOS/AS USUARIOS/AS**

### **Artigo 3.- Requisitos dos/das usuarios/as**

*Teñen dereito a ser usuarios/as do Fogar dos Maiores as persoas **empadronadas** no Concello de Ribadumia que reúnan algún dos seguintes requisitos:*

- *Ser pensionista maior de 55 anos e válidos*

*Estarán exentos de cumprir a condición de ser maior de 55 anos aquelas persoas que acudan en calidade de cónxuxe ou parella de feito.*

*As persoas non válidas poderán participar nas actividades que se organicen, previo informe dos servizos sociais e se van acompañadas dunha persoa válida.*

### **Artigo 4.- Perda da condición de usuario/a**

*A condición de usuario/a no centro perderase por algunha das seguintes causas:*

- *Polo incumprimento reiterado das normas de funcionamento do centro.*
- *Por non observar unha conduta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración, encamiñada a facilitar unha mellor convivencia.*

## **CAPÍTULO III.- DEREITOS E DEBERES**

### **Artigo 5.- Dereitos dos/as usuarios/as**

*Os usuarios/as do Fogar dos Maiores de Ribadumia gozarán dos seguintes dereitos:*

- *A acceder ó centro sen discriminación algunha por razón de sexo, raza. Relixión, ideoloxía ou calquera outra condicións ou circunstancia persoal ou social.*
- *A consideración no trato debido á dignidade da persoa, tanto por parte do persoal do centro como por parte dos demais usuarios/as.*
- *O sixilo profesional*
- *A unha atención individualizada acorde coas súas necesidades específicas.*
- *Á intimidade persoal en función das condicións estruturais do centro e servizos.*
- *A deixar de utilizar os servizos ou o centro por propia vontade,*
- *A participar nas actividades e/ou programas que organicen, tendo dereiros os socios a que, como mínimo ó ano, unha das actividades na que participe teña carácter gratuito.*





ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

#### **Artigo 6.- Deberes dos/as usuarios/as**

*Os/as usuarios/as do Fogar dos Maiores de Ribadumia terán os seguintes deberes:*

- *Cumprir as normas de funcionamento interno do Centro.*
- *Observar unha conduta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración, encamiñada a facilitar unha mellor convivencia.*
- *Respectar o funcionamento do centro así como non entorpecer a actividade regular e normal do mesmo.*
- *Cumprir cos horarios establecidos no centro.*
- *Utilizar adecuadamente as instalacións do centro.*

#### **CAPÍTULO IV.- FALTAS E SANCIONES**

##### **Artigo 7.- Faltas e sancions.**

*Os/as usuarios/as do centro serán os/as responsables dos danos e prexuízos que por accións ou omisións causen nas súas instalacións, así como das alteracións da orde que se produzan.*

*Sen prexuízo da responsabilidade penal ou civil en que puideran incurrir por tales actos ou omisións, que poderá esixirse diante dos xulgados e tribunais correspondentes, se os/as usuarios/as cometesen algunhas das faltas previstas nos seguintes puntos serán obxecto de procedemento sancionador que, con carácter xeral establece a Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico de administracións públicas e procedemento administrativo común.*

*A tales efectos, as faltas clasificaranse en leves, graves e moi graves.*

*Os/as usuarios/as poderán denunciar mediante escrito ou comparecencia dirixida ao Alcalde-Presidente ou concelleiro/a en quen delegue a conduta dun/ha usuario/a susceptible de ser tipificada como un dos incumprimentos definidos no artigo 9 do presente regulamento. En ningún caso se admitirán as denuncias anónimas.*

##### **Artigo 8.- Faltas**

*Serán incumprimentos de carácter leve:*

- *A simple falta de respecto, manifestada en incorrección de trato, actitudes ou palabras desconsideradas ou inconvenientes de cara a outro/a usuario/a ou persoal adscrito a dito servizo.*
- *O descoído ou negligencia, non imputable pola idade ou polas condicións físicas das persoas, no uso do mobiliario, obxectos, materiais ou instalacións do centro de maiores.*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

- *A alteración das normas de convivencia creando situacións de malestar ou incomodidade ós/ás usuarios/as.*

*Serán incumprimentos de carácter grave:*

- *Entorpecer, intencionada e habitualmente as actividades a realizar no centro.*
- *O maltrato de palabra cara os/as outros/as usuarios/as e/ou a o persoal do centro.*
- *A subtracción de obxectos que formen parte do mobiliario e material do centro a disposición dos/as usuarios/as.*
- *Consumir alcohol ou calquera outra sustancia estupefaciente no centro.*
- *Realizar actos prexudiciais para a reputación e o bo crédito do centro.*
- *A reiteración de tres ou mais faltas leves.*

*Serán incumprimentos de carácter moi grave:*

- *A agresión física ou malos tratos de cara aos/ás outros/as usuarios/as do centro ou persoa que traballe no mesmo.*
- *Ocasionar danos relevantes nos bens dos aloxamentos ou prexuízos notorios na convivencia.*
- *A reiteración de tres ou máis faltas graves.*

### **Artigo 9.- Sancións**

*As sancións que se impoñen aos/as usuarios/as que incorran nalgunha das faltas clasificadas anteriormente son as seguintes:*

- *Por incumprimento leve:*

*Amonestación verbal ou escrita.*

- *Por incumprimento grave:*

*Expulsión temporal do centro e perda dos beneficios da condición de usuario/a por un período máximo dun ano.*

- *Por incumprimento moi grave:*

*Expulsión temporal do centro e perda da condición de usuario/a por un mínimo dun ano e máximo de tres, podéndose chegar en determinados casos ata a expulsión definitiva.*

### **Artigo 10.- Procedemento sancionador**



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*Establécese como regra xeral, a necesidade da instrución dun expediente para a imposición de sancións por faltas graves e moi graves, pero dispénsase da súa instrución para a imposición de sancións por faltas leves.*

*O expediente que se instrúa ao efecto constará das seguintes fases:*

– *Iniciación: o Concello de Ribadumia comunicará por escrito ao/á usuario/a a comisión da falta e sanción correspondente prevista no presente regulamento.*

– *Desenvolvemento: o/a usuario/a poderá presentar escrito de alegacións perante o órgano responsable do concello de Ribadumia no prazo de 15 días a contar dende a data de notificación da sanción, facendo constar o que estime para a súa defensa.*

*O escrito de alegacións, ou ben transcorrido e prazo establecido abrirase o período de proba e practicaranse as propostas.*

*A presentación do escrito de alegacións por parte do/a usuario/a non suspende o cumprimento da sanción imposta.*

– *Resolución: a resolución do procedemento sancionador deberá conter tódolos elementos incluídos no expediente iniciador así como aqueles que se deriven do mesmo.*

*Co fin de dispoñer do tódolos datos necesarios para cumprir os procedementos marcados no casos de infracción establecerase un "registro de incidencias" no centro.*

#### **CAPITULO V.- FUNCIONAMENTO DO CENTRO**

##### **Artigo 11.- Horario**

*O horario de apertura e funcionamento do centro será:  
de 11:00 a 13:00 e de 15:00 a 22:00 horas de luns a venres.*

*Este horario poderá ser modificado por razón de adecuación ás necesidades dos/as usuarios/as e ós recursos dispoñibles.*

##### **Artigo 12.- Programas, actividades e servizos**

*O centro levará a cabo unha serie de programas en distintas áreas con diversas actividades que teñan como fina a participación das persoas maiores na vida cultural e social do municipio, entre outros:*

- *-actividades recreativas e sociais (bailes, xogos de mesa: dominó, cartas...)*
- *-excursións e senderismo*
- *-charlas informativas...*
- *Os servizos ofertados polo centro son os seguintes:*
- *-televisión*
- *-rehabilitación*
- *-aulas informáticas*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

– *-talleres de manualidades*

*Ademáis da actividades organizadas no propio Fogar dos Maiores, o Concello organizará outros servizos e actividades nas que poderán participar persoas non usuarias do servizo do Fogar dos Maiores.*

### **Artigo 13.- Organización do persoal**

*A xestión do Fogar dos maiores correrá a cargo do Concello de Ribadumia.*

*O Concello de Ribadumia contará cos profesionais adecuados para prestar os servizos con persoal propio ou concertando os servizos necesarios con empresas privadas ou entidades de iniciativa social.*

*As actividades e tarefas precisas para o desenvolvemento dos programas serán sempre prestadas por persoal cualificado, e poderá contar coa colaboración do voluntariado para o desenvolvemento de tarefas complementarias sen que en ningún caso exima ó persoal da súa función.*

### **Artigo 14.- Réxime económico**

*Os usuarios/as abonarán pola utilización dos servizos e participación en actividades do centro as tarifas que se establezan na Ordenanza fiscal reguladora correspondente.*

### **Artigo 15.- Buzón de suxestións**

*O centro contará cun buzón de suxestións para que tódolos/as usuarios/as poidan opinar e presentar indicacións para mellorar o funcionamento do centro sempre que redunden no beneficio de todos/as.*

### **Artigo 16.- Libro de reclamacións**

*O centro terá un libro de reclamacións á disposición dos/as usuarios/as. No suposto de efectuarse algunha reclamación darase copia ao/á usuario/a e poñerase en coñecemento do/a Alcalde/sa do Concello de Ribadumia o contido da mesma no prazo máximo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte a súa presentación, agás nos casos en que se requira unha comunicación inmediata.*

### **Artigo 17.- Taboleiro de anuncios**

*Estarán permanentemente expostos no taboleiro de anuncios as normas de réxime interior vixentes, así como a información de interese xeral para os/as usuarios/as.*

### **Artigo 18.- Póliza de responsabilidade civil**

*O centro disporá dunha póliza de responsabilidade civil que garante a cobertura das indemnizacións aos/ás usuarios/as e sinistros do edificio. Dita póliza poderá ser requirida polos/as usuarios/as para o seu coñecemento.*



ILMO. CONCELLO  
de  
RIBADUMIA  
(Pontevedra)

**"ORDENANZA FISCAL DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS NO FOGAR DOS MAIORES E OUTROS SERVICIOS PARA AS PERSOAS MAIORES (OU DA TERCEIRA IDADE) DE RIBADUMIA**

***Feito imponible.-***

*O feito imponible da taxa ven determinado polo disfrute e uso do Fogar dos Maiores de Ribadumia, como instalación asistencial polos usuarios que, voluntariamente, desexan facer uso do mesmo, ou como usuarios das distintas actividades e servicios que se organicen para as persoas maiores.*

***Base imponible.-***

*A base imponible ven determinada polo uso e período efectivo do servicio, de acordo co réxime de prestacións que se sinala no Regulamento do centro, e polas actividades nas que participen.*

***Devengo.-***

*O dereito da Administración a esixir-lo pagamento da taxa virá determinado pola solicitude da prestación do servicio.*

***Suxeito pasivo.-***

*Serán suxeitos pasivos da presente taxa os solicitantes usuarios ou os titores legais destes en caso de incapacidade dos mesmos, que de forma temporal ou estable se beneficien deste servicio.*

***Período impositivo.-***

*Coincidirá coa permanencia efectiva no disfrute da prestación dos servicios do centro ou da actividade na que participe.*

***Xestión.-***

*Establécese unha cuota anual de 10 euros/ano para ter dereito a participar nas actividades que organice o Concello, tanto no Fogar dos maiores como outras actividades dirixidas ás persoas maiores.-*

*Dita cuota comenzará a abonarse a partires dos primeiros seis meses da alta no servicio.*

*A Xunta de Goberno local establecerá os importes de cada actividade, en base á ordenanza aprobada, puidendo acordar a exención ou bonificación para as persoas que satisfagan a cuota anual indicada anteriormente.*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

***Entrada en vigor.-***

*A presente ordenanza Fiscal Reguladora desta taxa entrará en vigor e empezará aplicarse a partires da publicación definitiva da ordenanza, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación.*

**6.- DESIGNACIÓN FESTIVOS LOCAIS 2017.-**

Dase conta da proposta da Alcaldía no que consta que visto o escrito recibido con data 19 de xullo de 2016 do Servicio de Traballo e Economía Social da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar no que se indica que de conformidade co disposto no artigo 37.2 do Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo (Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores) e no artigo 45 e 46 do Real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo, é preciso proceder á designación das festas locais neste Concello para o vindeiro ano 2017.-

Tendo en conta que nos últimos exercicios viñase propoñendo como festivos locais o luns de Pascua e o venres no que se celebre as Festas do Viño Tinto, propónse que se designen os mesmos días.

O Pleno por unanimidade dos Sres. asistentes acorda establecer como días Festivos Locais para o vindeiro ano 2017:

- Día 17 de abril (Luns de Pascua)
- Día 2 de xuño (Festa do Viño Tinto)

**7.- ACORDO SOBRE A BAIXA NA RUTA MARÍTIMA XACOBEA.-**

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncos para indicar que se trae a proposta de causar baixa na Fundación da Ruta Marítima Xacobeá do Ulla-Umia, xa que a mesma está en decaemento.- Dí que dende o ano 2015 só se asistiu a dúas reunións e o único punto foi aprobar as contas a dar conta da súa non inclusión na Lei de Patrimonio de Galicia.- Dí que nos anos 1963 e 1965 se levaban 165 embarcacións á ruta xacobeá, e este ano foron so 3 barcos.- Que actualmente só a forman 25 concellos; que a maioría teñen débedas coa Fundación (o que fae pensar que non lles



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

interesa) e só asistían oito concellos e deste lado da Ría eran cinco e o resto non asistían.

Que a operatividade da Fundación e a súa representatividade é pouca e non ven lóxico o seguir formando parte da mesma; plantexan darse de baixa e se volve a potenciarse Ribadumia podería volver a adherirse.- Que Ribadumia non podería ser saída de ruta nunca, e incluso dase o caso de que na Ruta que presentan nin sequera sinalan a Meis e a Ribadumia.

En resumo dí que a día de hoxe non ten operatividade nin funcionalidade.

Toma a palabra o Sr. Serantes Alvarez e dí que a Sra. Martínez decía que o Fundación non está no mellor momento e plantexaba dúas opción; que o que se trata é de revitalizar a ruta dende dentro; que a variante espiritual é un camino de enlace a Santiago coa traslatio que va dende Vilanova a Cesures.- Que o custo non é elevado, pero que tampouco se trata de pagar sen máis; que se fagan propostas para revitalizar a ruta e se poñan en coñecemento da Fundación para dinamizar a Ruta.

A Sra. Martínez Troncoso dí que non se falou de dúas opción, senon só de unha; que tanto a variante da Ruta Portuguesa igual que a da Ruta do Padre Sarmiento se incluíron e para que se fixe na importancia da Xunta lle da, en abril deixaba fora a Ruta Xacobeá do Mar do Ulla-Umia se presentaron enmendadas e nin caso e quen realmente moven os fíos para que esa iniciativa chegara arriba foi o PSOE e os Concellos que foron e agora a incluíron porque non lles quedou máis remedio.

O SR. Alcalde di que xa está todo comentado; aque non aporta nada e se nalgún momento se reactiva ou hai iniciativas se podería valorar novamente a adhesión.

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por maioría de sete votos a favor e seis en contra (P.P) acorda: 1º.- A baixa do Concello de Ribadumia na Fundación da Ruta Marítima Xacobeá do Ulla-Umia

## **8.- MOCIÓN DO P.P. PARA A DEROGACIÓN DO DECÁLOGO DE CRITERIOS PARA ACTUACIÓNS EN VÍAS PROVINCIAIS.**

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz e antes de dar lectura á moción presentada quere aclarar que hai un erro na proposta de acordo cando dí que o Partido Popular na Deputación de Pontevedra propón instar "á Deputación Provincial", refírese que o Grupo do Partido Popular no Concello de Ribadumia propón..., e non coma consta na moción presentada.

Da lectura á moción no que, entre outros aspectos, consta que: *no Pleno da Deputación Provincial en sesión de 29/01/16 aprobouse o decálogo de criterios de actuacións nas vías provinciais"; que dito decálogo limita a posibilidade de executar actuacións ou mellora,*



ILMO. CONCELLO  
de  
RIBADUMIA  
(Pontevedra)

*só en aquelas estradas provinciais cunha intensidade media diaria de vehículos superior a 3.000 vehículos/día; que así mesmo o decálogo establece a obrigatoriedade de que os concellos cofinancien as actuacións nas estradas provinciais, aportando o 30 ou 40% do custo da actuación, en función de si estamos ante unha actuación de urbanización ou reurbanización e ademáis os concellos terán que asumir os custes das expropiacións se as houbera; no caso improbable de que o Concello de Ribadumia puidera asumir estas condicións para mellorar un vial provincial, tería que asumir a súa titularidade:*

*Que enténdese que cando se aproba unha norma é para regular o que antes non estaba, ou para mellorar as condicións existentes; que con este decálogo da a impresión que aprobouse como ferramenta na que o bipartito xustifique a parálise premeditada dos proxectos que estaban en marcha co anterior goberno, ao tempo de eliminar a posibilidade de facer actuacións nas estradas provinciais dos concellos menos poboados e máis pequenos da provincia; o feito de que recolla como condición para levar a cabo unha mellora unha ratio de 3000 vehículos/día elimina a posibilidade de actuar en todas as estradas provinciais que hai no Concello; así mesmo elimina dita posibilidade o feito de que impoña unha aportación municipal de entre o 30 ou 40%; que o decálogo non está a cumprir os obxectivos que debe buscar a norma reguladora das actuacións nas estradas provinciais pódese ver na falla de roza e limpeza de maleza nas marxes das estradas provinciais o una falta de licitacións e pola paralización de proxectos que xa estaban en licitación ou execución co anterior goberno, coma o proxecto de execución de beirarrúas no lugar de Castaños; que a lei de racionalización e sostenibilidade da Administración Local clarifica as competencias de cada administración local a fin de evitar duplicidade e evita que unha administración exerza competencias cando legalmente non as ten atribuídas e que o decálogo parece que poida contradicir ou entrar en conflito coas competencias que debe asumir a Deputación Provincial.*

*Que por todo o anterior proponen a adopción de acordó de "Instar á Deputación de Pontevedra que derogue o decálogo de estradas provinciais polos importantes prexuízos que ocasiona ás vías provinciais neste Concello".*

A Sra. Peña Muñiz explica cada un dos puntos de exposición da moción presentada e dí que ademáis estase a paralizar as licitacións que estaban en marcha, como as beirarrúas dende a rotonda dos Castaños que leva paralizada ano e medio; que non van a investir nas estradas e con este decálogo xa teñen excusa para non investir; que o ano pasado se feixeron beirarrúas en Sisán, unha primeira fase, e con estes criterios non se vai poder continuar con estar urbanización. Que o decálogo perxudica e se fixo de costas ós concellos.

Fae uso da palabra o Sr. González Ledo e dí que do contido da moción só se pode aproveitar o primeiro parágrafo; que esta iniciativa a tiñan que haber levado a cabo cando se ía a aprobar na Deputación; que é un asunto interno da Deputación; que antes non había criterio e agora hai unha pauta de actuación, aínda que ó P.P. non lle guste.

Que na moción presentada o P.P. fixo un copia e pega da presentada na Deputación; que tiñan que haber alegado no período de exposición da norma; que dende os Concellos non se pode facer nada xa que é unha norma provincial.

Da lectura ó decálogo aprobado e dí que o indicado na moción non se axusta á realidade ou se interpreta de forma partidista; que en tódolos proxectos que facía Deputación, sen ter criterio algún, xa se tiña que aportar os terreos e corres cos gastos, e antes xa se facía así (al menos nos Concellos que non eran do P.P.)

Que a titularidade é lóxico que unha vez feito o investimento, corra a cargo do Concello e o mantemento.- Que chama a atención o parágrafo que fae referencia á sustentabilidade





ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

local; que o que se está a facer é campaña electoral, se non non se entende o contido da moción.

A Sra. Peña Muñiz di que ningún parágrafo é falso: que non se van a levar a cabo urbanizacións, reurbanizacións, beirarrúas e ensanches.- Que só se levarán a cabo rozas e mantementos, pero non ensanches.- Que o decálogo perxudica ós Concellos; que o P.P. xa votou en contra e ante a actitude do bipartito de rechazar a súa opinión é cando decidiron presentar a moción en tódolos concellos.

O Sr. González Lede insiste que non entende porqué non alegaron nada no período de exposición pública e esperaron sete meses; e porqué os concellos non aportaron suxerencias e iso indica que tan mala non deber ser a norma; que non contestaron á proposta remitida pola Deputación nen sequera os concellos gobernados polo P.P.

En resumo que a moción non ven a caso, que chega tarde e que non se vai seguir coa política de Louzán na que non había criterio algún para decidir os investimentos.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e dí que a Sra. Peña na súa intervención dixo que o equipo de goberno non a ía a apoiar e eles aínda non había expresado a súa opinión.

Que sempre dixeron que apoiarían mocións que favorezcan ós veciños; que o decálogo estivo en exposición pública e o P.P. non presentou alegación algunha e só votaron en contra os do P.P., e dí que tanto o Sr. Serantes, como asesor do grupo provincial na Deputación, como a Sra. Peña, como Deputada, ten que estar alí para beneficiar ós veciños.- Que esta moción é un oportunismo político, propaganda política; e este goberno ten que ser moi cauto con tódalas administración; que o grupo do P.P. non fixo proposta e só votaron en contra no Pleno; o que ten que dicir é que a Deputación ata hoxe no tema da limpeza de vías provinciais cumpriu e tivo un comportamento correcto.- que non presentaron alegacións e agora queren utilizar ós concellos en contra da Deputación.

A Sra. Peña dí que o seu grupo presentou un escrito e non lle contestaron; que posteriormente presentouse a moción e non lle contestaron; que a responsabilidade é do equipo de goberno que están negando a posibilidade de que se poida levar a cabo ensanches e urbanizacións e ó goberno non lle importa.

O Sr. González Lede dí que presentaríase o escrito que dí a Sra. Peña, pero despois de aprobado definitivamente, que durante a exposición pública non presentaron alegación nin proposta algunha.

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por sete votos en contra e seis a favor (P.P.) acorda **REXEITAR** a moción presentada polo Grupo Municipal do P. P., para a derogación do decálogo de criterios para as actuacións nas vías provinciais, nos termos expresados

**9.- DAR CONTA DA ORDE DE EXECUCIÓN DE SENTENCIA POR CONSTRUCCIÓN DE GALPÓN, SOLICITADA POR HRDOS DE CÁNDIDO MARTÍNEZ SOUTULLO.**



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

Toma a palabra o Sr. Alcalde para dar conta do requireemento recibido con data 17/12/15 do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Pontevedra a fin de que se poña no coñecemento de dito Xulgado o procedemento administrativo seguido para a execución da sentenza firme nº 267/10 dictada no Procedemento abreviado 199/2010, e que no mes de marzo de 2016 se require a este Concello para que no prazo de dez días manifeste as causas que impediron a execución definitiva 63/2015-G en relación co dito procedemento.

Da conta que este expediente iniciouse no ano 2003, tendo presentado o interesado varios escritos no Concello no que solicitaba que se deixara libre un camino que consta na documentación de parcelaria.- Que no ano 2010 presentou recurso contencioso administrativo e o Concello allanouse e non se presentou ó contencioso e nese ano dictouse sentenza para deixar libre e expedito o presunto camino.-

Indica que agora, despois de máis de cinco anos, o xulgado require a execución da sentenza e estase realizando as xestións pertinentes para aclarar o contido da mesma e, no seu caso, o trazado do devandito camino.

Que entende que este foi un asunto que non se defendeu como se debía nin se aclarou no seu momento e agora haberá que actuar.

O Pleno Municipal dase por enterado do estado de tramitación do devandito expediente.

### **10.- DAR CONTA DA SOLICITUDE DE AXUDA PARA MELLORAS E EQUIPAMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL INFANTIL 0-3 ANOS**

Dase conta ó Pleno Municipal de que, ó abeiro da Orde da Consellería de Política Social de 13 de xullo de 2016, (DOG nº 26/07/16), pola que se establecen as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para inversións na melloras de infraestructuras e equipamento das escolas infantís de 0-3 anos e se procede á súa convocatoria, o Concello de Ribadumia presentou solicitude de subvención para "**Obras de mellora e equipamento da Escola Municipal Infantil 0-3 anos**", por importe de tinta e tres mil trescentos sesenta e catro euros con cincuenta e tres céntimo (**33.364,53 euros**), segundo a memoria técnica presentada, e aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.

O Pleno Municipal dase por enterado.

### **11.- ROGOS E PREGUNTAS**

1º.- O Sr. Serantes Alvarez fae un rogo (que presentou no Concello) para que o Concello de Ribadumia viña disfrutando das escolas deportivas de yudo e patinaxe e



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

roga que se solicite á Deputación para que se continúe impartindo e se a Deputación non pon os medios que o asuma o Concello para que os máis de 100 nenos que participan habitualmente nesas actividades poidan seguir disfrutando delas.

2º.- Manifesta que comprobou que os semáforos neste últimos días están intermitentes e pregunta cal é o motivo.

3º.- Pregunta si se sabe cal é o estado do proxecto de Beirarrúas dende a Rotonda dos Castaños ata o Pazo de Barrantes ou se ten coñecemento dos prazos de execución previstos, xa que estaba aprobado e dende que chegou esta nova Deputación non se sabe nada.-

Toma a palabra o Sr. González Lede e di que as escolas deportivas se van a manter como ata de agora; aclarando o Sr. Alcalde que se van a seguir impartindo yudo e patinaxe.

Respecto ós semáforos o Sr. Alcalde día que se puxeron a proba de modo intermitente porque o viñan solicitando os veciños para que non se produzan tantos atascos e logo se pediron máis opinión e informes.- Que nos próximos días tomaráse unha decisión e se falará cos veciños e locais afectados da zona.

Polo que respecta ás obras das beirarrúas indica que estase pendente de ter unha reunión na Deputación Provincial por este asunto, así como polo tema da Pousada xa que hai unha documentación que se solicitou e non a presentaron; que hai un conxunto de obras nos que os expedientes están incompletos (ou con documentación incorrecta como o expediente da obra do campo de fútbol) e a ver si se poden sacar estas obras adiante.

E non habendo máis asuntos que tratar, se levanta a sesión sendo as vintetres horas e vinte minutos, de todo o cal, eu, como Secretaria, dou fe.-

